

O TSXG ANULA O CONCURSO XERAL DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSPECCIÓN DE TRABALLO POR NON INCLUÍR O IDIOMA GALEGO COMO MÉRITO DAS PRAZAS DE GALIZA

A Sala do CA do TSXG, ditada o 11/11/24, dita sentenza a favor da demanda **presentada pola CIG** e anula a “Resolución do 12 de abril do 2023 da Subsecretaría do Ministerio de Traballo e Economía Social, pola que fora convocado o concurso xeral para a provisión de postos de traballo no Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social” ao non ser incluído como mérito para acceder aos postos ofertados en Galiza o coñecemento do idioma galego.

Os postos cuxa convocatoria fica nula son os seguintes:

- Postos de traballo convocados nas 4 ITSS de Galiza que teñen relación directa coa “**información ao público**”:

Inspección de Traballo e Seguridade Social da Coruña:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
86	1044313	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N16
87	1657971	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N16

Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
144	4121404	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N18

Inspección de Traballo e Seguridade Social de Vigo:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
198	1108237	PUESTO DE TRABAJO

- Postos de traballo convocados nas 4 ITSS de Galiza que teñen relación directa coa “**receción e rexistro de documentos**”:

Inspección de Traballo e Seguridade Social da Coruña:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
84	4172704	JEFE / JEFA DE SECCION N22

Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
147	4412945	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N15

Inspección de Trabajo e Seguridade Social de Vigo:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
197	3623768	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N18

● Postos de traballo convocados nas 4 ITSS de Galiza que teñen relación directa con “**actividades de xestión con proximidade co público e frecuencia de relación**” e “**actividades para as que o coñecimento do idioma galego constitúe un fator relevante**”:

Inspección de Trabajo e Seguridade Social da Coruña:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
84	4172704	JEFE / JEFA DE SECCION N22
88	1283938	PUESTO DE TRABAJO N15
89	3489215	PUESTO DE TRABAJO N15
90	3716272	PUESTO DE TRABAJO N15
91	4689744	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N15

Inspección de traballo e Seguridade Social de Lugo:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
142	2627390	JEFE / JEFA DE SECCION N22
143	2284080	JEFE / JEFA DE SECCION
145	2823393	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO
146	4689743	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N16

Inspección de Trabajo e Seguridade Social d'Ourense:

Nº Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
191	3874028	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO

Inspección de Trabajo e Seguridade Social de Vigo:

N.º Orden	Código puesto	Denominación del puesto de trabajo
199	1351811	PUESTO DE TRABAJO
200	1484134	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N16
201	2529714	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N16
202	2766175	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N16
203	4585596	JEFE / JEFA DE NEGOCIADO N16

Os motivos da anulación da convocatoria foron:

Dos 22 postos de traballo convocados nas catro ITSS de Galiza teñen relación directa:

- Con información ao público (ou ao cidadán/á): 2 postos da ITSS da Coruña, 1 posto da ITSS de Lugo e 1 posto da ITSS de Vigo
- Con recepción e rexistro de documentos (rexistro e arquivo): 1 posto da ITSS da Coruña, 1 posto da ITSS de Lugo e 1 posto da ITSS de Vigo.
- Con actividades de xestión con proximidade ao público e actividades para as que o coñecemento do idioma galego constitúe un fator relevante (xestión do procedemento administrativo e sancionador): 5 postos da ITSS da Coruña, 4 postos da ITSS de Lugo, 1 posto da ITSS d'Ourense e 5 postos da ITSS de Vigo.

A partires dagora o Ministerio pode tomar dous camiños:

- a) presentar recurso de casación
- b) non recorrer.

a. Se presentar recurso de casación estudarmos as (mínimas) posibilidades de solicitar unha execución provisional da sentenza.

b. Se non recorrer a sentenza sería firme e o Ministerio tería 2 meses para darlle cumprimento voluntario. No caso de non cumprir o acordo xudicial no prazo voluntario (anular a convocatoria, restabelecer o dereito infrinxido e publicar a anulación no BOE) poderíamos solicitar a execución forzosa de sentenza.